- Incrible. - di o primeiro monstro, baixando a rocha que está cargando - A noite está comezando. Tes razón.



- Alucinante - di o segundo monstro soltando o seu penedo - Tes razón, o día está rematando.

Camiñan ata o centro do desastre que armaron e contemplan xuntos o comezo da noite e o final do día.

- Foi divertido - di o primeiro monstro.

- Sí, é verdade. - di o segundo - ¡Pobre montaña!.

TWO MONSTERS

There is a monster that lives quietly on the west side of a mountain.

On the east side lives another monster. Sometimes the monsters speak together through a hole but they never see each other. One evening the first monster says through the hole:

- Can you see how beautiful is it? Day is ending.
- Day ending? Says the second monsters. Night beginning.

The next morning the first monsters shouts through the hole:

- Wake up, night is ending
- Don't be stupid! Day is beginning.

He picks up a stone and throws it over the mountain. The first monster picks up a bigger stone and throws it back. As the day passes the stones are bigger and bigger and the insults longer and longer.

The mountain is being knocked to pieces and for the first time the monsters see each other. They walk to the middle to watch the beginning of the night and the ending of the day together.

- That was fun. Say the first monster.
- Yes, it was. Say the second. Poor mountain!



Os dous monstros

Adaptación da obra de David McKee - EDICIÓNS ANAYA



30 DE XANEIRO DE 2.008

DIA DA PAZ

BIBLIOTECA

CEIP DE Palmeira

C.E.I.P. PALMEIRA
BIBLIOTECA

Hai un monstro que vive tranquilamente na cara oeste dunha montaña.
Na cara este da montaña vive outro monstro.
Ás veces os monstros falan entre eles a través dun furado.
Pero nunca se ven un ao outro.
Unha tarde, o primeiro monstro di polo furado:





- ¿Podes ver que bonito é? O día está terminando.
- ¿O día está terminando? -di o segundo monstro- ¡Quererás dicir que a noite está comezando, so parvo!
- Non me chames parvo, ou enfadareime - responde o primeiro monstro. Síntese tan enfadado que non pode durmir.

O outro monstro síntese anoxado e tamén durme moi mal.

A mañá seguinte, o primeiro monstro síntese fatal despois dunha noite tan mala. Grita polo furado:

- Espértate, tarugo. ¡A noite está rematando!
- ¡Non sexas estúpido, cerebro de chícharo! -responde o segundo-. É o día que está comezando.

Colle unha pedra e a tira por encima da montaña.

- ¡Un tiro pésimo, vaca ignorante! -di o primeiro monstro cando a pedra non lle acerta.

Colle unha pedra máis grande e a guinda de volta. Esa pedra tamén falla.



- ¡Inútil! ¡Peludo, narigudo, pasmado! - ouvea o segundo monstro, e tira de volta unha rocha que esnaquiza o cume da montaña.
- ¡Non es máis que un estúpido e vello pasmón recheo de vento! - grita o primeiro monstro, e lanza un penedo que esgaza outro anaco da montaña.
- ¡E ti es un copo de cereal pasado e patexo! - contesta o segundo monstro.

Nesta ocasión patea unha rocha enorme.

A medida que pasa o día as rochas van sendo cada vez máis grandes, e os insultos cada vez máis largos.

Os dous monstros seguen a salvo, pero a montaña vai quedando reducida a cachos.



- ¡Es unha caca peluda, apampada - grita o primeiro monstro, mentres lanza outro penedo colosal.
- ¡Ti es unha lamentable torta de crema, embarullada, cheirenta e covardica! - berra o segundo monstro, lanzando unha rocha aínda maior.

Esa rocha arrasa co último resto da montaña e, por primeira vez, os monstros se ven o un ao outro.

Esto ocorre xusto ao comezo de outra posta de sol.